

SITUACIÓN DOS XÓVENES E PERSPECTIVAS DE FUTURO

Raquel García Tiagonce

UGT-GALICIA

As enquisas, estatísticas e índices, arredor do paro, reflexan sobradamente a necesidade de crear programas e políticas de emprego especialmente adicadas ós xóvenes, que non supoñan, como ata o de agora, colectivo de man de obra barata e que non deixen ningún resquicio de posibilidade ó fraude, senón que teñan un efecto positivo no mundo laboral, dignificando as condicións de traballo para os xóvenes e proporcionándolles a seguridade e estabilidade necesarias para a súa etapa de “vida adulta”, é decir, políticas de emprego para xóvenes que non deriven no fracaso económico e moral.

Tense especulado moito co emprego xuvenil. O desexable sería a desaparición das facilidades económicas, a través de fondos públicos ós empresarios, para a contratación eventual de xóvenes, susceptibles de fraude. De todos sabido é o elevado fraude que, por parte dos empresarios, estívose a dar no uso de contratacións de fomento do emprego.

Xunto a éste, outros factores inflúen tamén no desemprego xuvenil como o forte incremento da competitividade, carencia de experiencia laboral, consideración de situación inalcanzable, etc. fan da búsqueda de emprego, unha carreira de obstáculos da que moitos quedan excluídos.

Esta situación impide a moitos proxectar a súa propia vida en tarefas sociais e incluso afectivas por carecer dos recursos naturais indispensables.

A falla de traballo condiciona a imaxe dun mesmo como ser autosuficiente e útil, sentíndo cada vez unha agresividade fácil diante de calquer situación, que fai difícil unha convivencia estable na familia ou na mesma pandilla. Esta agresividade dirixida hacia un mesmo provoca estados de depresión persoal continua. A droga, o alcohol, e o gamberrismo pandilleiro aparecen como saídas, a agresividade proxectada hacia fora pode traducirse nunha rebeldía e nun comportamento antisocial.

A falta de recursos económicos pois, fáí que a emancipación real dos xóvenes se demore, co que a ruptura xeneracional aparece paradóxicamente nunha situación de dependencia económica e permanencia no fogar familiar, o que pode significar unha grave limitación no desenvolvemento dos xóvenes como persoas autónomas, coas súas experiencias, responsabilidades e decisións.

Esta visión non debe parecer tan negativa senón debe formar parte dun novo embrión que aporte novos contidos no comportamento social capaz de suxerir unha aproximación distinta á análise do paro xuvenil e as súas consecuencias, e con elo contribuir a planificar outras políticas ocupacionais, outras fórmulas de inserción social, tanto pola nosa Administración Autónoma como polos diversos axentes e institucións sociais.

Temos a obriga de recupera-la importancia que ten a ocupación activa nos nosos xóvenes, pois corremo-lo risco de que a experiencia dos xóvenes, ás portas da vida adulta en situación de paro, implique un paso marxinal, como un simple lugar de paso ó que non paga a pena entregarse de cheo. Non traballo é marxinação.

Na época actual enfrentámonos ante un novo Acordo Sindical para a Estabilidade no Emprego, e o que implica para os nosos xóvenes. Por elo creemos imprescindible crear uns mecanismos claros, estables e eficaces a traveso dos cales encauzar novas formas de renovar a ilusión na incorporación á súa vida adulta, de potencia-lo peso das decisións dos xóvenes na nosa sociedade e ó mesmo tempo ser directamente parte integrante nos órganos de decisión onde se desenrolen políticas xuvenís de calquera índole.

O elevado nivel de desemprego é o principal problema da sociedade española. Afrontalo debe se-lo obxectivo central sobre o que artella-los esforzos da iniciativa pública e privada. Nembargantes, no debate político actual non existe a atención, sensibilidade e tratamento axeitado que unha cuestión de tal transcendencia merece. Por elo, UGT e Comisións Obreiras tomaron a iniciativa de realizar e facer pública a presente campaña polo emprego, que parte das seguintes consideracións:

O emprego constitúe un elemento fundamental de vertebración da sociedade e de cohesión social e económica, polo que o pleno emprego é un obxectivo prioritario do movemento sindical.

Xunto o problema do desemprego hai que contempla-lo da precarización das condicións do emprego (o 35% de temporalidade e a rotación, son as súas características dominantes), que se traduce nunha profundización da segmentación social. Actualmente non é posible reivindicar maiores niveis de emprego sen controlar, parellamente, as súas condicións.

Crear emprego é un obxectivo que non pode cumprirse con simples reformas normativas do modelo de contratación laboral, senón cunha visión integral na que se contemplan o modelo económico -productivo, o desenvolto tecnolóxico, as políticas activas de emprego, o compromiso dos poderes públicos e dos axentes sociais.

Xenerar emprego e mellora-la súa calidade require establecer actuacións coordinadas, desenrolar medidas concretas e diversificadas, atendendo ás especificidades sectoriais e estrutura das empresas, e

utiliza~los instrumentos dispoñibles, buscando a converxencia de variables económicas, xurídicas e sociais.

- As políticas activas para a creación de emprego non poden realizarse a costa da redución das prestacións sociais senón que, pola contra, o sistema de protección social debe reforzarse, xa que cumpre un papel redistributivo da riqueza.

As solucións ó desemprego teñen tamén unha dimensión europea. A consideración que fíxo a Conferencia Intergubernamental para a revisión do Tratado da Unión Europea de incluí-lo emprego como obxectivo concreto, debe materializarse no mesmo de forma clara, refomándose os mecanismos de actuación neste senso.

O diálogo e a negociación social son requisitos imprescindibles, tanto porque non hai unha única solución para a falta de emprego (o nivel de emprego depende de múltiples variables), como porque é o conxunto da sociedade quen se ve afectada polas consecuencias do paro.

As propostas que a continuación se realizan, dirixidas a distintos interlocutores sociais (Administración Central, Administracións Autonómicas e locais, organizacións empresariais) deben contemplarse nun marco estatal de relacións laborais para preservar e mellora-la unidade do mercado de traballo e correxir a súa segmentación crecente.

Con esta Campaña, UGT e Comisións Obreiras queremos divulgar-las nosas propostas entre o conxunto da sociedade e que éstas se transformen en negociacións concretas e evaluables no tempo a distintos niveis co obxectivo de xenerar máis emprego, máis estable, máis cualificado e protexido.

Estos obxectivos incardínanse no esforzo que a Confederación Europea de Sindicatos demanda do conxunto da Unión Europea para reducir á metade o desemprego e a precariedade no umbral do século XXI.

Os xóvenes galegos teñen unha ardua tarefa á hora de incorporarse ó mundo do traballo, pero penso que xa non vai a ser só unha cues-

tión meramente lexislativa, senón que temos que seguir descubriendo novas fórmulas de reparto de traballo entre todos, sen que esto supoña unha desestabilización do Estado de Benestar.

Temos que ser máis conscentes do problema que terán os xóvenes que nos sucedan, para poder canalizar de forma eficaz todo o seu potencial humano e profesional, e poder chegar a un coñecemento que, ó mellor para todos, pasa pola individual capacidade de **SOLIDARIZARSE**.

E a eles quédalles un reto moi importante, conquistar un reparto xusto para todos, e un dos camiños é o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade.